O Departamento de Orientación do Ceip A Escardia está compartido co Ceip Plurilingüe de Rubiáns e atópase adscrito ao departamento de orientación do IES de Carril situado no mesmo concello de Vilagarcía de Arousa. O centro conta con tres unidades de Infantil e seis unidades de Primaria. Trátase dun centro ordinario de escolarización preferente, polo que, ademais da especialista de Pedagogía Terapéutica definitiva no centro, contamos con outra PT a maiores para atender a esta aula, así mesmo contamos con unha especialista de Audición e Linguaxe.

Como non podía ser doutra maneira, na nosa escola temos alumnado con distintas capacidades, habilidades, fortalezas, ritmos, intereses de aprendizaxe, cultura, idade e competencia curricular, así como outras circunstancias sociais ou persoais que deben ser analizadas e atendidas. Co obxectivo de proporcionar unha educación integral a todo este alumnado, tomaremos como referente o modelo DUA para adoptar unha resposta educativa inclusiva e de calidade.

Para facer a valoración das necesidades consideramos a Avaliación Inicial como o factor preventivo por excelencia na atención á diversidade. Dita avaliación ten como finalidades:

- saber o nivel de partida de coñecementos e competencias dos alumnos para posteriormente presentar opcións personalizables e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.
- coñecer as posibilidades que hai no contexto escolar, profesorado, recursos da aula, do centro,...
- informarnos sobre datos relativos á contorna socio-familiar do/a alumno/a, para coñecer as posibilidades de axuda e colaboración desta.
- marcar as distintas liñas metodolóxicas que teñan presente os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que promovan o traballo colaborativo.

Os resultados desta avaliación inicial servirán como referente para adoptar as medidas de atención educativa que correspondan con respecto a todo o alumnado. O profesor/a titor/a,

ou de ser o caso os/as especialistas das distintas áreas curriculares informarán ás familias da aplicación das medidas de atención á diversidade que se consideren necesarias para os seus fillos/as. Así mesmo ao longo do curso, tanto polo profesorado como polas familias, observarase e darase conta daquelas necesidades susceptibles de ser valoradas.

Mención especial dentro da avaliación inicial requírense o alumnado de nova incorporación, tanto os que proceden doutros centros educativos da comunidade como os que presentan descoñecemento da lingua galega, e máis aínda, do alumnado procedente do estranxeiro ou refuxiados de guerra. Para todos eles hai un plan de actuación.

Con respecto á situación de partida exposta anteriormente as valoracións das necesidades quedan reflectidas no seguinte cadro:

INFANTIL	R. Titora	PT	AL	ATE
5º INFANTIL	1 alumno/a	1 alumno/a	1 alumno/a	1 alumno/a
6º INFANTIL			4 alumnos/as	
PRIMARIA	R. Titora	PT	AL	ATE
1º PRIMARIA	1 alumno/a	1 alumno/a	6 alumnos/as	
2º PRIMARIA	6 alumnos/as	3 alumnos/as	3 alumnos/as	2 alumnos/as
3º PRIMARIA	6 alumnos/as	4 alumnos/as	6 alumnos/as	
4º PRIMARIA	8 alumnos/as	5 alumnos/as	2 alumnos/as	1 alumno/a
5º PRIMARIA	2 alumno/a	1 alumno/a		
6º PRIMARIA	6 alumno/a	5 alumnos/as		

16.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

Con respecto as proposta de medidas de atención á diversidade do alumnado contando cos recursos existentes no centro, daranse prioridade ás medidas ordinarias sobre as medidas extraordinarias. Estas últimas, só se utilizarán cando, unha vez esgotadas as medidas ordinarias, ou cando a avaliación psicopedagóxica así o determine dado a relevancia da necesidades de apoio que presentase o/a alumno/a. A aplicación de medidas extraordinarias non exclúe a aplicación das medidas ordinarias. Ás familias serán coñecedoras dos distintos apoios que reciben os seus fillos pola titora e ou especialistas de área. Así mesmo, terán polo menos, unha reunión trimestral cos profesionais implicados no apoio educativo do seu fillo/a onde se lle comentará o seguimento académico do alumno/a e de ser preciso dándolle orientacións de reforzo para a casa.

Con carácter orientador, considérase que un alumno/a presenta indicios de NEAE e polo tanto pode ser susceptible de medidas de atención á diversidade cando se observen algunha das seguintes circunstancias que non se explican por factores conxunturais ou transitorios:

- Rendemento inferior ou superior ao esperado tomando como referencia a súa idade e/ou o seu nivel educativo.
- Diferencia significativa con respecto á media dos seus iguais en calquera dos ámbitos do desenvolvemento, ritmo/estilo de aprendizaxe como: desenvolvemento cognitivo, sensorial, comunicativo ou lingüístico, social e afectivo, da atención ou concentración, ou aqueles que inflúen nas aprendizaxes básicas como a lectura, escrita ou cálculo.
- Indicios da existencia dun contexto familiar pouco favorecedor para a estimulación e desenvolvemento do/a alumno/a.

Por outra banda, se ao longo do curso, o/a alumno/a non requira do reforzo que motivou a aplicación das distintas medidas, estas serán suprimidas e o titor e/ou o especialista de área informaría á familia da decisión de supresión das medidas, dando pautas (de ser preciso) de actuación para a casa.

As medidas de atención á diversidade son:

Medidas ordinarias, actuacións e programas de adecuación do currículo ordinario, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co propósito de que o alumnado acade as competencias establecidas no currículo.

- Plan de Reforzo educativo realizado por parte da titora e ou do profesorado que imparte unha determinada materia. (Modelo Plan de Reforzo educativo). Rexistrarse no XADE
- Plan de Reforzo educativo para o alumnado que non promocionou de curso, farano os profesorado implicado nas materias suspensas. (Modelo Plan de Reforzo educativo alumnado repetidor). Rexistrarse no XADE
- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, distribución de alumnado por grupo, espazos, desdobres) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado.
- Adopción de metodoloxías inclusivas tomando como referencia o método de traballo DUA.

- Adaptación de instrumentos, tempos e procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria, priorizando sempre as sesións das áreas instrumentais básicas e compaxinando profesorado do mesmo ciclo.
- Adopción de medidas de enriquecemento curricular.
- Seguimento do programa de habilidades sociais establecido no plan de convivencia.

Medidas extraordinarias, son as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Soamente se aplicarán una vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes

- Adaptación Curricular elaborada polo docente responsable da materia/s. Rexistrarse no XADE.
- Especialista en Audición e Linguaxe.
- Especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Especialista en Pedagogía Terapéutica (Aula Preferente).

Todas as intervencións das especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe van precedida da elaboración dun Programa de Intervención que se axustará ás necesidades que presenta o alumnado e ao número de sesións que pode impartir. Tamén cubrirán un documento de seguimento por trimestre e outro ao final do curso, facendo neste, as debidas propostas de apoio para o seguinte curso. Os apoio da AL e da PT (Aula Preferente) realizarase tanto dentro coma fóra da aula ordinaria, dependendo das necesidades de cada alumno/a atendido, priorizando sempre a inclusión. No caso da outra especialista de PT, o apoio será dentro da aula ordinaria. As familias serán informadas da medida e farase seguimento e coordinación destas entre as titoría e o DO.

- Apoio da Persoa Auxiliar Coidadora (PAC)

Todo o alumnado que reciba medidas de atención á diversidade extraordinarias serán informadas mediante escrito ás familias, cuxo documento deberá vir firmado. De non asinar, informarase a dirección do centro e procederá a efectuar as vías de actuación pertinentes.

Todas estas medidas de apoio de atención á diversidade cos seus horarios correspondentes deberán ser revisadas ao longo de todo o curso (mínimo tres veces cadrando coas sesións de

avaliación) e variando ou non, segundo as necesidades e demandas de atención educativa ou de alumnado de nova incorporación.

16.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

	ACTUACIÓN	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
COORDINACIÓN PROFESORADO	Elaborar os horarios de PT, AL en función das necesidades existentes no centro.	Orientadora/PT/AL/ X. Estudos	Comezo de curso. Ao longo do curso.
	Colaborar co E. Directivo na elaboración de horarios da PAC en función das necesidades existentes no centro.	E.directivo/Orientadora/ PAC	Comezo de curso. Ao longo do curso.
	Colaborar coa X. Estudos na elaboración de horarios MDH en función das necesidades existentes no centro.	X. Estudos/ Orientadora	Comezo de curso. Ao longo do curso.
	Colaborar coa X. Estudos na elaboración de horarios MAI en función das necesidades existentes no centro.	X. Estudos/ Orientadora	Comezo de curso. Ao longo do curso.
	Colaborar co profesorado na elaboración das Avaliacións Iniciais.	Orientadora	Primeiras semanas de curso.
	Asesorar ao profesorado na elaboración das AC.	Titoras/especialistas/ Orientadora/PT/AL	Outubro-novembro
	Asesorar ao profesorado na elaboración dos R. Educativos	Titoras/especialistas/	Ao longo do curso.
	Asistir as sesións de avaliación trimestrais e asesorar das medidas de atención á diversidade derivadas de dita avaliación.	Orientadora	Ao longo do curso.
	Asesoramento e coordinación da transición alumnado de Primaria a Secundaria.	Titora/Especialistas/E. Directivo/DO	3º trimestre
	Asesoramento e coordinación transición do alumnado de Infantil a Primaria.	Titora/Especialistas/E. Directivo/DO	3º trimestre
	Colaboración-preparación alumnado novo de infantil.	E. directivo/Mestres Infantil/ DO	3º trimestre
	Colaboración ao profesorado sobre as demandas realizadas.	Orientadora	Ao longo do curso.

	ACTUACIÓN	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN

	Avaliación psicopedagóxica e seguimento do alumnado de Educación Infantil no que se aprecien dificultades nalgún ámbito do desenvolvemento por parte do titora e/ou familia.	Orientadora	Ao longo do curso.
	Avaliación psicopedagóxica e seguimento do alumnado de Educación Primaria no que se aprecien dificultades nalgún ámbito do desenvolvemento por parte do titora e/ou familia.	Orientadora	Ao longo do curso.
	Colaborar coa titora na avaliación inicial do alumnado de novo ingreso na escola.	Titora / Orientadora	Ao longo do curso.
	Seguimento do alumnado con NEAE.	Titora /PT /AL / Orientadora	Ao longo do curso.

	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
COORDINACIÓN FAMILIAS	Manter relacións fluídas coas familias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.	Orientadora, titoras e PT e AL.	A petición das familias e titoras.
	Asesoramento ás familias sobre temas que competan para un bo desenvolvemento educativo do alumnado.	Orientadora	A petición das familias e titoras.
	Promover/colaborar co equipo directivo, asesoramento ás familias sobre temas educativos que sexan de interese (charlas, conferencias...)	Persoal experto	Ao longo do curso.
	Facilitar ás familias ou titoras información sobre a estimulación da linguaxe en infantil.	Orientadora e AL.	A comezo de curso. Ao longo do curso.
	Colaboración na tramitación de becas dirixidas ó alumnado con NEE do MEC	Equipo directivo e orientadora	Prazo establecido.
	Asesorar ás familias do procedemento a seguir no caso no que sexa preciso desenvolver modalidades de ensino diferente ao presencial (hospitalario, domiciliario ,...)	Orientadora	Cando sexa preciso.

	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
CENTRO EDUCATIVO	Elaboración dos diversos anexos/documentos para un axeitado funcionamento do DO (modelo derivación ao DO, modelo de Información ás familias,...)	Orientadora.	Ao longo do curso.
	Revisión e seguimento PAT	DO	1º trimestre
	Revisión e seguimento PAD	DO	1º trimestre
	Revisión e seguimento PADO	DO	1º trimestre
	Colaborar co E. Directivo na elaboración e revisión dos documentos educativos do centro.	Orientadora.	Ao longo do curso.

	Aplicación DRDadi.	Orientadora.	1º trimestre
	Aplicación DRDorienta.	Orientadora	3º trimestre
	Derivación e coordinación co EOE	E. Directivo. Orientadora	Ao longo do curso.
	Reunións D.O.	Membros D.O.	Ao longo do curso.
	Realización dos ditames de escolarización.	Orientadora.	Ao longo do curso.
	Elaboración da Memoria Final e propostas de mellora.	DO	3º trimestre

	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
OUTROS SERVIZOS	Coordinación e reunión cos SSSS do concello.	Titora/Orientadora.	Ao longo do curso.
	Coordinación e reunión con gabinetes ou asociacións de reeducación externa.	Titora/PT/AL/Orientadora.	Ao longo do curso.
	Colaboración con entidades médicas USMIF, Neuroloxía infantil, servizos pediátricos, ...	Titora/PT/AL/Orientadora.	Ao longo do curso.

A maiores destas actuacións levaranse a cabo todas aquelas que vaian xurdindo ao longo do curso que afecte directa ou indirectamente á toma de medidas de atención á diversidade no centro.

REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

Para levar a cabo o seguimento do alumnado fanse varios canles de actuación:

- O relacionado coas familias que se levará a cabo por norma xeral no horario establecido de titoría (martes de 18:00 - 19:00h.) onde a titora e ou especialista de área poden requirir a presenza das especialistas de PT, AL, MDH e orientadora. A maiores a orientadora establece para entrevistas coas familias unha sesión no seu horario (última sesión do martes). Este horario adaptarase na medida das necesidades e posibilidades das familias.
- Os mércores á última sesión quedou establecido unha reunión semanal de coordinación das especialistas de PT, a de AL e a orientadora.
- O seguimento entre os distintos profesionais por norma xeral, seguirán a seguinte orde, non obstante, poderanse ver alteradas de xurdir calquera imprevisto educativo.
 - Reunións da CCP últimos martes de cada mes (martes de 16:00-17:00h.)

- Reunións de DO, despois da CCP (últimos martes de cada mes)
- Reunións de ciclo (segundo martes de cada mes)
- Reunións trimestrais co IES de Carril adscrito.
- Reunións de Servizos Sociais (segundo as necesidades)
- Reunións de Gabinetes reeducación externa (segundo as necesidades)
- Asociacións como Down ou Once (segundo as necesidades)

17. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a de benestar e convivencia	Nivel/Especialidade
Sara Lázare Díaz	ORIENTADORA
Nome equipo dinamización de benestar e convivencia	Nivel/Especialidade
	Selecione

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo 1: Facilitar a acollida do novo alumnado ao centro			
Acción 1	Dinámicas de cohesión de grupo que favorezan o coñecemento mutuo		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	O 100% do alumnado é presentado ao resto dos compañeiros/as		
Responsables	Titor/a; D.O.		
Recursos e materiais	Dinámicas de cohesión de grupo (aportadas polo equipo de "Aprendizaxe cooperativa").		
Acción 2	Acollida do profesorado de nova incorporación		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	O 100% do profesorado é informado do funcionamento do centro		
Responsables	Equipo directivo; mestre/a responsable da acollida.		
Recursos e materiais	Carpeta do profesor.		
Acción 3	Visita do alumnado de 4º de EI de incorporación o seguinte curso e reunión coas familias		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	O 100% do alumnado e as súas familias participan na actividade		
Responsables	Equipo directivo; equipo de educación infantil.		
Recursos e materiais	Tríptico informativo; presentación dixital sobre o Período de adaptación do alumnado.		

Obxectivo 2: Introducir a educación emocional como estratexia para mellorar a convivencia no centro			
Acción 1	Formación do profesorado en Educación Emocional a través do PFPP de centro.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	O 70% do profesorado participa na formación do PFPP		
Responsables	Equipo docente; equipo directivo		
Recursos e materiais	Os aportados polo CFR de Pontevedra.		
Acción 2	Poñer en práctica os contidos aprendidos na formación		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	O profesorado titor e/ou especialista desenvolve, como mínimo, tres sesións de traballo relacionada coa educación emocional co seu alumnado.		
Responsables	Todo o profesorado do centro, a comisión de convivencia, o equipo directivo.		
Recursos e materiais	Os recursos que se empregarán son humanos, materiais e formativos.		

Obxectivo 3: Integrar a igualdade en todas as áreas, materias e niveis educativos			
Acción 1	Analizar os materiais didácticos e curriculares utilizados nos diferentes cursos, así como analizar os xogos e xoguetes utilizados nas aulas para evitar incluír elementos sexistas.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de materiais revisados - Nº de materiais e contidos cambiados - Nivel de implicación do profesorado 		
Responsables	A comisión de Convivencia; equipo directivo; profesorado do centro.		
Recursos e materiais	Os recursos que se empregarán son fundamentalmente humanos e de organización e funcionamento: notificacións, estruturación temporal e espacial...		

Obxectivo 4: Integrar o traballo en equipo como medio para mellorar a convivencia			
Acción 1	Introducir nas titorías as dinámicas de cohesión de grupo, as estruturas cooperativas e o plan de equipo, como ferramentas necesarias para estruturar a aprendizaxe dun xeito cooperativo.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	O profesorado titor e/ou especialista desenvolve, como mínimo, tres sesións de traballo relacionada coa aprendizaxe cooperativa co seu alumnado.		
Responsables	Titor/a; D.O.; comisión de convivencia.		
Recursos e materiais	Os recursos que se empregarán son humanos, materiais e formativos.		
Acción 2	Continuar co Consello Escolar Infantil		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Á hora de avaliar os beneficios da actuación conséntase que mellora competencias		

	sociais do alumnado.
Responsables	Equipo directivo; comisión de convivencia.
Recursos e materiais	Recursos humanos, didácticos, espaciais, tempos, tecnolóxicos...

Obxectivo 5: Previr situacións de acoso escolar.			
Acción 1	Establecer sesións de formación para o alumnado (charlas, faladoiros, sesións didácticas específicas) e para as familias (na Escola de Familias) sobre todos aqueles aspectos que rodean esta problemática: tipos de acoso, roles que se observan, causas, consecuencias, detección, solucións...		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	O profesorado titor desenvolve, como mínimo, tres sesións de traballo ao ano relacionadas coa prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar: obradoiro, charla e faladoiro.		
Responsables	Todo o profesorado do centro, a comisión de convivencia e o equipo directivo.		
Recursos e materiais	Os recursos que se empregarán son humanos, materiais e formativos.		

18. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE IGUALDADE

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Incorporar a perspectiva de xénero na vida do centro e conmemoración de datas sinaladas relacionadas ca igualdade (Dia Internacional Contra a Violencia de Xénero, Día da Muller...)	Nas datas establecidas na orde do calendario escolar	Todos os cursos do centro	Titores/as dos diferentes cursos e comisión de Igualdade
Promover o pensamento crítico do alumnado e eliminar progresivamente os estereotipos de xénero da vida escolar.	O longo do curso	Todos os cursos do centro	Titores/as en colaboración ca comisión de Igualdade
Sensibilización das familias e da comunidade na perspectiva de xénero a través de formacións, a Escola de Pais e Nais....	O longo do curso	Familias do alumnado	Comisión de Igualdade
Formación do profesorado en materia de coeducación e igualdade de xénero.	O longo do curso	Profesorado do centro	Comisión de Igualdade
Continuar o programa "Patios Coeducativos" co obxecto de desenvolver a igualdade no patio de recreo e zonas de lecer.	O longo do curso, comezando no mes de novembro.	Todo o alumnado do centro	Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias Titoras/es Comisión de Igualdade
Charlas, obradoiros, xornadas e actividades relacionadas con este	Durante todo o curso escolar, en función da	Todos os cursos do centro,	Comisión de Igualdade

ámbito da man de entidades da contorna.	dispoñibilidade das entidades.	segundo a idoneidade das actividades.	
Promover o respecto pola diversidade afectivo-sexual a través da realización de actividades e xornadas de concienciación .	Segundo-Terceiro trimestre	Todo o alumnado do centro.	Titoras/es Comisión de Igualdade
Visibilizar a importancia da labor levada a cabo polas mulleres a través da posta en marcha de proxectos de investigación.	Segundo trimestre	Todo o alumnado do centro	Titoras/es Comisión de Igualdade

19. PLURILINGÜISMO

19.1. PROFESORADO RESPONSABLE

Nome Coordinador/a	Horas redución
Mónica Parajo Sineiro	2
Nome profesores AICLE/CLIL	Nivel/Especialidade
Inés Marcos Carregal	Titor/a EP
Mónica Parajó Sineiro	LE: Inglés

19.2. SECCIÓN BILINGÜES

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Nº alumnado nova incorporación	Teñen autorización por escrito dos pais	Materias	Lingua estranxeira
1º EP	1	20	0	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Ed. Artística: Plástica	Inglés
2º EP	1	21	1	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Ed. Artística: Plástica	Inglés

19.3. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓN BILINGÜES

Programa de Seccións Bilingües	
Existe coherencia entre o programado e o funcionamento real do programa	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Incorpora prácticas innovadoras	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Acádase o emprego progresivo da lingua estranxeira como lingua vehicular	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>

Profesorado AICLE/CLIL	
Programa actividades para traballar conmemoracións propias de países de fala inglesa, acadando os diferentes estándares, sen deixar de traballar tamén as conmemoracións recollidas no calendario escolar, na P.X.A. e propostas ao longo do curso.	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Coordínase coa titoría, a persoa coordinadora da SS.BB., a auxiliar de conversa e as distintas dinamizacións e equipos da escola, para lograr un mellor aproveitamento da SS.BB.	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Proporciona ao alumnado as ferramentas lingüísticas e o entorno de traballo máis axeitado para o aproveitamento da SS.BB.	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>

Coordinadora SSBB	
Asiste á auxiliar de conversa nas súas tarefas e/ou en calquera outra cuestión na medida do posible	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Coordínase coa titoría, o profesorado CLIL, a auxiliar de conversa e as distintas dinamizacións e equipos da escola, para lograr un mellor aproveitamento da SS.BB.	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>

Alumnado	
Participa activamente nas distintas tarefas propostas	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Manifesta respecto polo profesorado CLIL, a auxiliar de conversa, o material, as producións propias e as do resto do alumnado	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Incorporan progresivamente o inglés como lingua vehicular na área proposta (educación artística: plástica)	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>

19.4. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Nome Auxiliar de conversa	Horas lectivas semanais
Samantha Candace Lates	8
Tarefas	
Asiste aos/ás docentes CLIL como apoio lingüístico na aula	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>

Asiste aos/ás docentes de lingua estranxeira como apoio lingüístico na aula	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Outras tarefas (especificar):	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>

20. PLAN PROXECTA+

Proxecto de vida activa e deportiva (PVAD) Máis e mellor actividade física, DAFIS ,Xogade, Móvete+, Milla diaria, Camiña/en bici á escola	
Descrición do programa	A través deste proxecto búscase fomentar de xeito integral e transversal estilos de vida activa e saudable, concienciando ao alumnado da importancia dunha boa alimentación e a realización de actividades lúdico-deportivas no tempo de lecer.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Promover hábitos de alimentación saudable e dotar ao alumnado de ferramentas para facer eleccións nutricionais saudables no futuro. - Incrementar o tempo diario de actividade física que realiza o alumnado dentro do horario lectivo. - Fomentar que o alumnado coñeza alternativas de ocio vencelladas a actividades lúdico-deportivas para loitar contra o sedentarismo e a inactividade. - Valorar o impacto das accións propostas no programa na condición física do alumnado. - Promover un enfoque multidisciplinar e transversal das actividades propostas, así como establecer sinerxías de colaboración entre o centro educativo e as diversas entidades da contorna.
Cursos implicados	Todo o alumnado de educación infantil e primaria
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	O 80% do alumnado participe nalgunha das modalidades nas que o centro participa.
Responsables	Mestre de Educación física (coordinador) e equipo docente.
Actividades	<p>MÁIS E MELLOR ACTIVIDADE FÍSICA Con esta modalidade preténdese incrementar de xeito transversal a carga de actividade física. A través do traballo conxunto da titora e do mestre de educación física, o alumnado de 1º, 3º e 5º de educación primaria traballarán de xeito innovador e dinámico contidos das áreas de ciencias.</p> <p>DAFIS/ALFA MOV Coa participación nesta modalidade preténdese medir as calidades físicas (DAFIS) e psicomotoras (ALFA MOV) que gardan relación coa saúde. Os datos recollidos polos avaliadores meteranse en ditas plataformas.</p> <p>XOGADE Esta modalidade permite que o alumnado participe en diversas modalidades deportivas: campo a través, atletismo en pista, encontros multideportivos, golf, carreiras de orientación, deportes tradicionais, etc.</p> <p>MÓVETE+ Con este programa trátase de promover hábitos de vida activa mediante a realización de actividades con soporte musical e movemento. Así, de xeito transversal e aproveitando unha data de obrigada conmemoración realizaremos unha coreografía</p>

	<p>conxunta con todo o alumnado do colexio. Ademais, os días de mal tempo (chuvia), o alumnado poderá realizar rítmico-expresivas no ximnasio.</p> <p>MILLA DIARIA Para loitar contra o sedentarismo, o sobre peso e a obesidade, os días que as condicións climatolóxicas o permitan, ao final da segunda hora lectiva de clase, o alumnado de educación primaria, sairá ao patio e percorrera unha milla (andando, trotando ou combinando ambas). O alumnado de educación infantil adaptara os días de realización e o recorrido as características propias da etapa.</p> <p>CAMIÑA/EN BICI A ESCOLA Preténdese animar ao alumnado e as familias a utilizar medios de transporte sostibles e saudables para acudir ao colexio.</p> <p>Para lograr estes obxectivos promoveranse actividades como a Semana Europea da Mobilidade (Festa da bicicleta e obradoiro de bicis), obradoiros de educación viaria (Policía Local), uso de “Camiños seguros” de acceso ao colexio (Asociación Stop accidentes), aparcadoiro de bicis/monopatíns, marchas ciclo turísticas, entre outras.</p>
--	---

Froitas e lácteos na escola			
Descrición do programa	Con este programa preténdese motivar e incentivar ao alumnado para que adquira hábitos alimentarios saudables, introducindo o consumo de froitas e lácteos na súa dieta a diario.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Adquirir e consolidar hábitos alimentarios adecuados e desenvolver as competencias necesarias para que o alumnado faga eleccións nutricionais saudables no futuro. - Integrar o consumo diario de leite e froita fresca na dieta do alumnado. - Recoñecer os beneficios da inxestión de leite e froita fresca para a prevención da saúde. - Desenvolver hábitos alimentarios que preveñan o sobre peso e a obesidade no alumnado. 		
Cursos implicados	Todo o alumnado de educación infantil e primaria		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	O 80% do alumnado consume leite e froita fresca na hora da merenda.		
Responsables	Mestre de Educación física (coordinador) e equipo docente.		
Actividades	No marco deste proxecto utilizarase unha ampla bagaxe de ferramentas e recursos, que se traballaran dende unha perspectiva interdisciplinar coa realización de diversas actividades (reparto de leite e froita fresca, obradoiro de receitas, degustacións, presentación de pratos, etc.).		

21. CONTRATOS-PROGRAMA

CPINNOVA

EDUsaúde	
Descrición do programa	Fomento de hábitos alimenticios saudables e incremento do tempo diario de actividade física.
Obxectivos	- Promover hábitos de alimentación saudable e dotar ao alumnado de ferramentas para facer eleccións nutricionais saudables no futuro.

	<ul style="list-style-type: none"> - Orientar ás familias na selección de alimentos saudables para o seu consumo no colexio. - Incrementar o tempo diario de actividade física que realiza o alumnado no horario lectivo. - Reducir a inactividade prolongada do alumnado durante a xornada escolar. 		
Cursos implicados	Todos os cursos de E.I. e E.P.		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - O 75% do alumnado consume habitualmente produtos saudables na merenda. - O 75% do alumnado participa en talleres de promoción de alimentos saudables. - As familias participan nas actividades de formación de vida activa e saudable. - O 50 % do alumnado realiza actividades lúdico-deportivas no tempo de lecer. 		
Responsables	Mestre de Educación física (coordinador) e equipo docente.		
Actividades	<p>Coa finalidade de contribuír á dinamización de hábitos de vida saudable na comunidade educativa, levaremos a cabo as seguintes medidas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fomentar a inxesta de leite e froita fresca na merenda. - Incentivar o consumo de alimentos saudables "Merendas sen envase". - Orientar ás familias na adquisición de hábitos saudables (charlas e talleres) - Incrementar o tempo de actividade física no alumnado (Patios activos). - Realización de actividades con soporte musical nos cambios de clase. - Promover a práctica de actividades física no tempo de lecer do alumnado ("Movibilidade verde" e "Deporte na rúa"). 		
Liña de actuación: EDUinnova			
Descrición do programa	O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente.		
Obxectivos	Mellorar a competencia do alumnado.		
Cursos implicados	Todos os cursos de E.I. e E.P.		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - O 60 % do profesorado utiliza metodoloxías activas e manipulativas para o ensino da competencia matemática e lingüística. - O aumnado amosou un maior interese nas actividades relacionadas coas matemáticas e as linguas. - O 80 % do profesorado participa nalgunha formación relacionada coas metodoloxías activas. - O profesorado valora positivamente a incidencia da utilización destas metodoloxías na súa aula. - Creáronse espazos no centro relacionados coa competencia dixital, tecnolóxica (como radio escolar; zona STEAM na biblioteca...) 		
Responsables	Equipo de formación do PFPP; equipo directivo, equipo docente.		
Actividades	Implementación nas aulas de metodoloxías manipulativas e activas.		
Liña de actuación: EDUexcelencia			
Descrición do programa	O centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento.		
Obxectivos	- Implementar a metodoloxía OAOA na área de matemáticas a nivel de centro.		

	<ul style="list-style-type: none"> - Integrar as actividades de robótica, programación e desenvolvemento do pensamento computacional na programación de aula e de centro. - Integrar as actividades de modelado e impresión 3D na programación de aula e de centro. - Integrar as actividades de creación e montaxe audiovisual na programación de aula e de centro. - Integrar as actividades que desenvolvan a competencia dixital e fomenten o pensamento diverxente e a creatividade, así como o espírito emprendedor. 		
Cursos implicados	Todos os cursos de E.I. e E.P.		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - O 100% do alumnado participa activamente nas actividades propostas. - O 80% do profesorado integra na súa programación de aula a metodoloxía e as medidas propostas. - O 50% do alumnado mellora a súa competencia matemática, dixital e científico tecnolóxica, e incrementa a súa motivación de cara aos campos de coñecemento mencionados. 		
Responsables	Equipo de formación do PFPP; equipo directivo, equipo docente.		
Actividades	Impresión en 3D, robótica, etc.		
Liña de actuación: EDUsostenibilidade			
Descrición do programa	O centro comprometido cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.		
Obxectivos	- Fomentar no noso alumnado hábitos diarios de educación ambiental.		
Cursos implicados	Todos os cursos de E.I. e E.P.		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - Todo o alumnado do centro participa na recollida selectiva de residuos na súa aula. - Un día á semana o 100% das aulas leva os residuos (plástico e cartón) ao punto de reciclaxe do centro. - O 80% do alumnado encárgase do horto escolar, limpeza, plantación e mantemento do mesmo. - Un grupo-aula formará a brigada de limpeza dos espazos comúns do centro. 		
Responsables	Equipo de formación do PFPP; equipo directivo, equipo docente.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Reciclaxe nas aulas. - Compostamos para aproveitar os recursos para o horto. 		
Liña de actuación: EDUcalidade			
Descrición do programa	O centro educativo como modelo de calidade a nivel organizativo e de funcionamento		
Obxectivos	- Mellorar o funcionamento e organización do centro.		
Cursos implicados	Todos os cursos de E.I. e E.P.		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>

Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - Introducir a axenda do alumnado como recurso de ensino-aprendizaxe do alumno/a. - Mellora dos mecanismos de comunicación cos diferentes membros da comunidade educativa (redes sociais, páxina web, aula virtual...) - Incremento do número de mestres/as que teñen unha participación activa nas reunións. - Valoración do funcionamento dos equipos en comparación con anos anteriores. - Foron modificados e/ou actualizados os documentos adaptándoos aos requirements normativos. - A totalidade do profesorado coñece e pon en práctica os aspectos relevantes dos documentos institucionais.
Responsables	Equipo de formación do PFPP; equipo directivo, equipo docente.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - A axenda do alumnado. - Guía de acollemento de profesorado de nova incorporación. - Guía de acollemento de familias de nova incorporación.

CPINCLÚE

Liña de actuación: CONVIVE-T			
Descrición do programa	Actuacións para a mellora da convivencia escolar.		
Obxectivos	Mellorar as relacións entre os diferentes membros da comunidade educativa.		
Cursos implicados	Todos os cursos de infantil e primaria		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Diminución dos conflitos dentro do centro.		
Responsables	Equipo de formación do PFPP; equipo directivo; comunidade educativa.		
Actividades	As descritas no proxecto.		

Liña de actuación: INCLÚE-T			
Descrición do programa	Esta liña está enmarcada na mellora da atención ao alumnado con neae.		
Obxectivos	- Mellorar a inclusión de todo o alumnado		
Cursos implicados	Todos os cursos de infantil e primaria		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador			
Responsables	Equipo directivo; D.O. equipo docente.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Incorporar ao espazo do patio dos recursos necesarios para que o alumnado con neae poida desenvolver o xogo e as relacións sociais en igualdade de condicións que o resto de alumnado: xogos adaptados, espazos que faciliten a interacción social, etc. - Utilización de cartelería adaptada (sistemas alternativos/aumentativos de comunicación). - Etc. 		
Liña de actuación: EMOCIÓN-T			

Descrición do programa	Actuación encamiñada a mellora da convivencia no noso centro a través da alfabetización emocional.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e aprender a utilizar os instrumentos da análise transaccional como modelo de intervención educativa. - Aplicación na aula dos instrumentos traballados. - Reflexionar sobre os resultados da práctica na mellora da convivencia. - Adquirir un mellor coñecemento das propias emocións. - Desenvolver unha mellor competencia emocional. 		
Cursos implicados	Todos os cursos de infantil e primaria		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<p>Número de acción encamiñadas á implicación do profesorado na formación en educación emocional.</p> <p>Número de accións encamiñadas á mellora da competencia socio-emocional de toda a comunidade educativa.</p>		
Responsables	Todo o profesorado.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Implantación da hora da titoría nas dúas etapas, como espazo para traballar a educación emocional. - Dinámicas de cohesión de grupo. - A educación emocional nas actividades complementarias e extraescolares. - Elaboración dunha guía para o profesorado con materiais e recursos. - Habilitación, na biblioteca, dun espazo con bibliografía relacionada coa educación emocional. 		

22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Plan/Proxecto: POLOS CREATIVOS			
Descrición do programa	A incorporación a este proxecto supuxo para o noso centro a transformación da aula de informática tradicional, obsoleta e en desuso na aula "#Escardia 3.0" onde se permiten traballar as áreas de Ciencias, Tecnoloxía, Enxenería, Matemáticas (STEM) e Arte (STEAM) de xeito integrador, dando cobertura aos distintos proxectos que conviven no noso centro de xeito interdisciplinar e interniveis, para empregar a metodoloxía de titorización entre iguais e respectando as necesidades da totalidade do alumnado para a adquisición das competencias claves.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Implementar as ferramentas dixitais como recurso no desenvolvemento do PDI de centro. - Formar ao profesorado na utilización didáctica dos recursos aportados polo programa 		
Cursos implicados	Todos os cursos de infantil e primaria		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - No 80% das aulas utilízanse ferramentas dixitais para o desenvolvemento do PDI de centro. - O 80% do profesorado participa nalgunha formación relacionada coas ferramentas de Polos Creativos. 		
Responsables	Equipo TIC.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Investigación e recollida de información. - Introducción á programación informática con Scratch, robótica e a impresión 3D. 		

	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño dunha campaña publicitaria para radio ou televisión que fomente as boas prácticas sobre educación vial. - Taboeiros robóticos. - Etc.
--	--

Plan/Proxecto: "VOZ NATURA"			
Descrición do programa	Programa educativo que pretende concienciar á comunidade educativa da importancia de xerar na sociedade accións de diversa índole que axuden a conservar o medio no que vivimos.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Concienciar á comunidade educativa da problemática medioambiental. - Xerar accións en beneficio do medio. - Promover unha cultura medioambiental. 		
Cursos implicados	Todo o alumnado, de infantil a primaria		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador			
Responsables	Mestra PT1.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - O horto na escola: plantación e recolección de alimentos producidos na escola. - As tres "R": recicla, reutiliza e reduce. - O coidado do medio ambiente. 		

23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Protocolo para a solicitude.
- Horarios dispoñibles.
- Solicitudes xa cursadas.

Para a solicitude das instalacións deberá elevarse un escrito á dirección do centro indicando espazos a utilizar, temporalización, etc. Esta solicitude deberá vir acompañada do pertinente seguro de responsabilidade civil. Unha vez realizada a solicitude esta será tramitada no CE para posterior envío á Xefatura Territorial.

As solicitudes xa cursadas son as seguintes:

Instalación: XIMNASIO			
Entidade que a usa	Concello de Vilagarcía de Arousa (Fundación de Deportes)		
Participan membros da comunidade educativa	<input type="checkbox"/> Alumnos	<input type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Martes e xoves de 20:00 a 22:00 horas		
Instalación: PATIO E CORREDOR PRINCIPAL			
Entidade que a usa	ANPA		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Os venres de 16:00 a 20:00 horas (patio) Un día pola tarde (por determinar) para a celebración da actividade de talla de cabazas de Samaín.		

24. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Para realizar a avaliación do alumnado teremos en conta as seguintes ordes:

- **ORDE do 30 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- **ORDE do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Nas sesións semanais de reunión, o equipo directivo avaliará o correcto funcionamento do centro baseándose na funcionalidade, produtividade, etc. e se establecerán aquelas propostas de mellora necesarias.

Para levar a cabo unha avaliación o máis obxectiva posible poderán realizarse enquisas, avaliarse as relacións dos diferentes membros da comunidade educativa, etc. Esta avaliación efectuarase ao longo do curso.

As datas das **xuntas de avaliación** do curso escolar 2023-2024 son as seguintes:

AVALIACIÓN	4º, 5º e 6º EI	1º, 2º e 3º EP	4º, 5º e 6º EP
1ª	12 de decembro	18 de decembro	19 de decembro
2ª	12 de marzo	19 de marzo	18 de marzo
3ª	11 de xuño	17 de xuño	18 de xuño

Vilagarcía de Arousa, a 17 de outubro de 2023

A directora,

Asdo: Adriana Torres Rey